

**RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 2 DE XUÑO DE 2017**

**LICENZAS**

**FAVORABLES.-**

**LIC/1016/2016.- NAZARET FERNÁNDEZ FARIÑA.-** Aceptar a cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Cima da Eira nº 39 A.

**LIC/33/2016.- RAMON ANTONIO MADRIÑÁN RODRÍGUEZ.-** Conceder licenza para demolición de edificación sita na rúa Amor Ruibal nº 18.

**LIC/1342/2016.- JESÚS VARELA VILARIÑO.-** Conceder licenza para a regularización da totalidade das construcións realizadas nas parcelas nº 386 e 387 – LICENZAS 1117/93 – 309/93 APERTURA en rúa Boisaca.

**DESFAVORABLES.-**

**LAP/491/2016.- MARGARITA BOUSO PUMAR.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto contra a comunicación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2016 sobre a suspensión do procedemento de autorización dos usos hoteleiro e residencial comunitario no ámbito do PE-1, concretamente rúa das Hortas nº 20.

**LAP/488/2016.- JOSÉ NOYA FRAGA.-** Rexeitar o recurso de reposición interposto contra a comunicación do acordo da Xunta de Goberno Local de data 25/11/2016 sobre a suspensión do procedemento de autorización dos usos hoteleiro e residencial comunitario no ámbito do PE-1, concretamente na rúa do Vilar nº 25.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de rehabilitación de vivenda illada no lugar de Neiro de Abaixo, nº 16. LIC/349/2016.** Apróbase a proposta.

**2.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aceptación da cesión de viario formalizada en escritura pública e conceder licenza para executar as obras de construción dunha vivenda unifamiliar entre medianeiras na rúa Cima da Eira, nº 39 A. LIC/1016/2016.** Apróbase a proposta.

**3.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para demolición de edificación sita na rúa Amor Ruibal, nº 18. LIC/33/2016.** . Apróbase a proposta.

**4.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á solicitude de licenza para a regularización da totalidade das construcións realizadas nas parcelas nºs 386 e 387-Licenzas 1117/93-309 APERTURA en rúa Boisaca. LIC/1342/2016.** . Apróbase a proposta.

**5.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición presentado por Dna.Margarita Bouso Pumar, sobre a suspensión do procedemento de autorización dos usos hoteleiro e residencial comunitario no ámbito do PE-1, concretamente na rúa das Hortas, nº 20. LAP/491/2016.** . Apróbase a proposta.

**6.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa ao rexeitamento do recurso de reposición presentado por don José Noya Fraga, sobre a suspensión do procedemento de autorización dos usos hoteleiro e residencial comunitario no ámbito do PE-1, concretamente na rúa do Vilar, nº 25. LAP/488/2016.** . Apróbase a proposta.

**7.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e**

**Mobilidade relativa á aprobación do proxecto e construción dun aparcadoiro provisional disuasorio na Parcela EQ-1 no parque empresarial de A Sionlla.** Apróbase o proxecto dun aparcadoiro provisional disuasorio no parque empresarial da Sionlla, con 237 prazas e unha zona para depósito municipal de vehículo. O orzamento estimado da actuación é de 381.573,50 euros, IVE engadido, e o prazo de execución é de 95 días hábiles.

**8.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade relativa á aprobación inicial do estudo de detalle da parcela N4A01C do quinteiro N do SUNP-40 Parque Empresarial da Sionlla.** Apróbase a proposta.

**9.- Proposta do concelleiro delegado de Espazos Cidadáns, Dereito á Vivenda e Mobilidade dando conta da addenda nº 3 ao convenio entre Concello de Santiago de Compostela e a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, para o financiamento da redacción da revisión do Plan Especial de Protección da Cidade Histórica.** Dase conta.

**10.- Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á admisión de recurso presentado pola empresa KAPSCH TRAFFICOM TRANSPORTATION SA, titular do contrato de "Servizos de conservación e mantemento das instalacións do sistema de control de tráfico e do túnel do Hórreo no termo municipal de Santiago de Compostela".** Admítese o recurso presentado pola empresa, anulando o acordo da Xunta de Goberno de 5 de xaneiro de 2017 e deixando sen efecto a sanción de 3.005,06 euros imposta por infracción grave na execución do contrato para a prestación do servizo. Acórdase iniciar un novo expediente por execución defectuosa do obxecto do contrato, dando audiencia ao contratista por un prazo de quince días hábiles con carácter previo á imposición, no seu caso, das penalidades que procedan.

**11-82, 84, 86.- Proposta da concelleira delegada de economía e facenda relativa a beneficios fiscais no imposto sobre bens inmobles, no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre construcións, instalacións e obras, na taxa pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e prestación do servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.** Apróbase a proposta.

**83.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á denegación da exención no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana a SAGRADA FAMILIA DE BURDEOS CURIA PROVINCIAL.** Apróbase a proposta.

**85.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa ao rexeitamento de recurso de reposición interposto por Dna. LAURA SÁNCHEZ OTERO. (TXX/17/2017).** Apróbase a proposta.

**87.- Proposta da concelleira delegada de Políticas Sociais, Diversidade e Saúde relativa á modificación da solicitude de financiamento para o funcionamento dos servizos comunitarios en 2017.** Apróbase a modificación da solicitude de financiamento, de xeito que a nova cantidade solicitada é de 400.431 euros.

**88.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato de "Subministro de material consumible de oficina para o Concello de Santiago de Compostela".** Acórdase prorrogar o contrato coa empresa Office Depot SL polo prazo de dous anos, a contar desde o 30 de xuño de 2017 ata o 29 de xuño de 2019, e por un importe total de 116.396,72 euros, IVE incluído.

**89.- Proposta da alcaldía relativa á prórroga do contrato de "Subministro de folios, sobres e carpetas para o Concello de Santiago de Compostela".** Acórdase prorrogar o contrato asinado coa empresa Office Depot SL polo prazo de dous anos, a contar desde o 9 de xullo de 2017 ata o 8 de xullo de 2019, por un importe total de 24.616,33 euros, IVE incluído.

**90.- Proposta da alcaldía relativa ao nomeamento do director-xerente do Auditorio de Galicia.** Á vista da acta do comité de avaliación da convocatoria para o provisión do posto de dirección-xerente do Auditorio de Galicia, e unha vez informado o Consello Reitor do Auditorio de Galicia, apróbase o nomeamento de Xaquín López González como director-xerente da entidade,

**91.- Dar conta pola alcaldía da sinatura do convenio de colaboración entre o concello e a asociación cultural CORRELINGUA para as actividades desta en Santiago. 2017.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega de 2.500 euros.

**92.- Proposta da concelleira delegada de Deportes dando conta da sinatura do convenio entre o Concello e o Club de Atletismo Fontes do Sar para o desenvolvemento da III edición da carreira nocturna denominada SANTYAGO10K.** Dase conta da sinatura do convenio, que supón unha achega de 12.000 euros.

**93.- Proposta da concelleira delegada de Centros Socioculturais dando conta da resolución pola que se aproba a adxudicación aos concellos da provincia da Coruña dos espectáculos correspondentes ao programa REDE CULTURAL 2017.** Dase conta.

## **URXENCIAS**

**1.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á sinatura dun protocolo de colaboración coa sociedade municipal da Coruña EMALCSA para o asesoramento técnico no deseño e implementación dunha estratexia urbana sensible a auga no Concello.** Apróbase a proposta.

**2.-Proposta do concelleiro delegado de Educación e Cidadanía relativa á liquidación do contrato de xestión do servizo das escolas municipais de Conxo e Fontiñas.** Iníciase o procedemento de liquidación do contrato, dándolle a audiencia á adxudicataria GLECE para que no prazo de 15 días poida alegar o que xulgue oportuno.

**3.- Proposta de alcaldía relativa á aprobación inicial da modificación do regulamento orgánico do pleno do Concello de Santiago.** Apróbase a proposta.

**4.-Proposta da concelleira delegada de Deportes relativa á aprobación do convenio coa Fundación Abrente para a coorganización do evento denominado Proxecto ENKI.** Apróbase o convenio, que supón unha achega do Concello de 8.600 euros.

**5.-Proposta do concelleiro delegado de Medio Ambiente e Convivencia relativa á execución da sentenza firme no incidente de execución promovido por DOAL S.A.** Acórdase iniciar o proceso de execución da sentenza na forma ordenada polo auto do xulgado contencioso-administrativo nº 2 de Santiago. O acordo comunicaráselle ao Xulgado, á mesa de contratación e ás empresas licitadoras no concurso de adxudicación dos servizos da ORA e o quindastre.